

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 16 DE XUÑO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor acctal.: GONZALEZ MARIÑO JORGE Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezaseis de Xuño do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 09/06/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/134

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/06/2022 "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO PARA A CREACIÓN DA RUTA LITORAL "RIBEIRA DESTINO LITORAL SOSTIBLE: O MAR, UN PATRIMONIO VISIBLE""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/192

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/06/2022 "RETROACCIÓN DE ACTUACIONES EN EL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SERVICIO PARA EL DESARROLLO, COORDINACIÓN Y EJECUCIÓN DEL PLAN DE COMUNICACIÓN Y PUBLICIDAD DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE INTEGRADO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/202

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2022 "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/203

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2022 "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE CANABEIRO (OLEIROS)""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/206

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/06/2022 "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO (DESDE CRUCE R/ MARCIAL DO ADALID HASTA CRUCE R/ IRMANDIÑOS) (RIBEIRA)""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/225

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/06/2022 "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SERVICIO PARA EL DESARROLLO, COORDINACIÓN Y EJECUCIÓN DEL PLAN DE COMUNICACIÓN Y PUBLICIDAD DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE INTEGRADO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA""



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 02.06.2022:

8210 28.04.2022 JOSÉ GARCÍA ORELLÁN, encintado de fachada en Bretal, 117, Olveira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 07.06.2022:

8380 02.05.2022 MANUEL DAVILA LUSTRES, limpeza y pintado de fachada en rúa de Galicia, 42, Ribeira.
 8338 02.05.2022 MANUEL SOBRIDO SANTOS, cambio de teja, en Cucheriza, Olveira.
 8351 02.05.2022 LUCÍA REGO SUÁREZ, limpeza y pintado de fachada en rúa Praia da Ribeira, 14, Aguiño.
 8342 02.05.2022 MARIA JOSÉ DIOS MILLARES, colocación de ventanal en rúa Romero Ortiz, 37-1º-C, Ribeira.
 8317 30.04.2022 CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L., substitución de alicatados y pavimentos en baño, rúa Alcalá Galiano, 1-6º-C, Ribeira.
 8 04.01.2021 NEDGIA GALICIA,S.A., desmantelamiento de planta GLP-250-15, en rúa Clara Campoamor, 4, Ribeira.
 8542 04.05.2022 ALFONSO VILA GÓMEZ, pintado de paredes y techos en Praza do Concello, 1, Ribeira.
 8562 04.05.2022 EXPERTIA ASESORIA FINANCIERA Y DE EMPRESAS S.L., aislamiento e impermeabilización de terrazas en Insuela, 76, Palmeira.
 8619 05.05.2022 JULIO ABRALDES PÉREZ, instalación de piscina prefabricada en Arribas, 5, Artes.
 10144 31.05.2022 ALEJANDRO AYASO PÉREZ, instalación CPM y canalización eléctrica en Paseo de Coroso, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 09.06.2022:

8949 10.05.2022 JOSÉ ANTONIO SANTAMARIA FARIÑA, solera y saneamiento en exterior de vivienda, en Bretal, 87, Olveira.
 8879 09.05.2022 INMOBILIARIA GUNFA S.A., obras interiores de ornato, en rúa Cardenal Cisneros, 2, bajo, Ribeira.
 8918 10.05.2022 C.P. EDIFICIO AVDA DEL MALECÓN, 44, rehabilitación de fachada, Avda. del Malecón, 44, Ribeira.
 8780 06.05.2022 C.P. EDIFICIO FONTAN, tratamento de fachadas y obras interiores, en Touro, 1, Ribeira.
 8969 10.05.2022 ANA BELÉN GUDE GAGO, cegar y rellenar pozo de riego, en Listres, Aguiño.
 9026 11.05.2022 PURA MUÑÍZ GARCÍA, muro de cierre en rúa Sidreiras, 28-B, Ribeira.
 9040 11.05.2022 Mª JESÚS DOMÍNGUEZ AYASO, substitución teja de hórreo, en Eirexa, 196, Olveira.



9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Manuel García Navia

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel García Navia**, de data 31/05/2022 (Registro de entrada nº 10.123), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Rúa do Monte, nº 5, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3441404NH0134S0001ZH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/06/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa do Monte nº 5, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3441404NH0134S0001ZH.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Clara Rodríguez Rey

Visto o escrito presentado por **Clara Rodríguez Rey**, de data 01/06/2022 (Registro de entrada nº 10.194), no que solicita certificación urbanística relación á edificación sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A043000240000KY.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/06/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A043000240000KY.

11.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E DEVOLUCIÓN DE FIANZA (LICENZA DE OBRA Nº 12/18 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 08/03/2018). LUGAR: LUGAR DE LISTRES S/N AGUIÑO (RIBEIRA). PROMOTORES: MARÍA DEL CARMEN LOJO SAMPEDRO - EMILIO FRANCO MARIÑO

VISTA a solicitude de **licencia de primeira ocupación** presentada por Dna. Mª del Carmen Lojo Sampedro e D.Emilio Franco Mariño para vivenda unifamiliar e construción anexa destinada a garaxe construída ao amparo da licenza nº 12/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de marzo de 2018, no lugar de Listres s/n, Aguiño, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A02202083000KX, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 16 de xuño de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto D.Manuel González González



e polo arquitecto técnico D.Gerardo Piñeiro Pérez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Dña. Lidia Otero Golobardas Xefa de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 31 de xaneiro de 2022.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes técnicos favorables** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación así como en relación á devolución do aval depositado o **día 9 de febreiro de 2022**, o informe emitido con data **21 de marzo de 2022** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **22 de marzo de 2022** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e en base ao anterior, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dña. M^a del Carmen Lojo Sampedro e a D. Emilio Franco Mariño **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar e construción anexa destinada a garaxe construída ao amparo da licenza nº 12/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de marzo de 2018, no lugar de Listres s/n, Aguiño, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A02202083000KX, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 16 de xuño de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto D.Manuel González González e polo arquitecto técnico D.Gerardo Piñeiro Pérez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Dña. Lidia Otero Golobardas Xefa de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 31 de xaneiro de 2022.

SEGUNDO.- Proceder á **DEVOLUCIÓN DA FIANZA** con importe de 596,81 €.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*



- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

12.- VAO PERMANENTE – Ventura Paz Romano (Laxes, 2 Carreira)

Visto o escrito presentado por **Ventura Paz Romano**, de data 10/06/2022 (Rexistro de entrada nº 10.866), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Laxes, nº 2 (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Ventura Paz Romano**, autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Laxes, nº 2 (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

13.- VAO PERMANENTE – Ventura Paz Romano (Laxes, 2B Carreira)

Visto o escrito presentado por **Ventura Paz Romano**, de data 10/06/2022 (Rexistro de entrada nº 10.865), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Laxes, nº 2B (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Ventura Paz Romano**, autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Laxes, nº 2B (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da*



beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

14.- AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA SARDIÑADA NA RÚA SANTA UXÍA (RIBEIRA) – BAR “CASA PATRÓN”

Visto o escrito presentado por Andrea Martínez García en representación do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, de data 07/06/2022 (Rexistro de entrada nº 10.562), no que solicita autorización para a realización dunha sardiñada diante do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, situado na Rúa Santa Uxía, nº 8 (Ribeira), o día 24/06/2022, co motivo da celebración da Noite de San Xoan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** ao establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, para a realización dunha sardiñada o día 24/06/2022, co motivo da celebración da Noite de San Xoan.
- **Dita sardiñada deberá celebrarse na terraza situada xunto á Alameda, previa protección do solo.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

15.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/06/2022, relativa á Resolución do 18 de maio de 2022 pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22 e se convocan para o ano 2022. (DOG nº 107 de 06/6/2022), e no que sinala:

“De conformidade coa Resolución do 18 de maio de 2022 pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22 e se convocan para o ano 2022. (DOG nº 107 de 06/6/2022).

INFORMO QUE:

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) vén de publicar as bases reguladoras das subvencións destinadas a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais co motivo do Xacobeo 21-22, para contribuír á promoción das artes escénicas e musicas.

Estas axudas teñen a finalidade de fomentar as artes escénicas e musicais de carácter profesional.

Son beneficiarios destas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que realicen unha programación cultural, que conteña polo menos tres actuacións previstas do 15 de xullo ao 10 de setembro de 2022, debendo conter un mínimo de dúas das disciplinas de teatro, danza, música, novo circo ou maxia e que cun orzamento de 8.750 euros (IVE incluído) nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

A dotación económica para a contratación de programación de artes escénicas e musicas do ano 2022 con motivo do Xacobeo 21-22 suporá como máximo ó 40% do caché de cada actividade programada en concellos de máis de 20.000 habitantes sen que supere a cantidade máxima de 3.500 euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.-Solicitar unha axuda do programa Cultura no Camiño destinada á contratación de compañías de teatro, danza, música, novo circo ou maxia do 15 de xullo ao 10 de setembro de 2022 conforme os trámites establecidos na antedita resolución.

Segundo.- Comprometerse a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución como establece o apartado Sétimo. Documentación complementaria.

Terceiro.- Declarar non estar incurso en algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio 2020 a través de certificación emitida ao respecto polo Secretario Xeral.

Quinto.- Facultar a Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.

16.- AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN ACTIVIDADES (TOBOGÁN DE AUGA E INCHABLES) **– Asociación de Empresarios de Riveira**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 10/06/2022, na que expón:

"Que a Asociación de Empresarios de Riveira celebrou UNHA NOITE ABERTA o día 4 de xuño para dinamizar os comercios de Ribeira. As actividades que tiñan previsto realizar tiveronse que suspender debido a causas meteorolóxicas e, por iso solicitan unha nova autorización para poder executar as actividades o día 2 de xullo.

- *Tobogán de auga na rúa de Lugo con vallas de contención para perimetrar e acotar o espazo de 100 m.*
- *Inchables na Praza do Concello.*

Presentan a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 8/06/2022 con Nº de rexistro de entrada 202200010722."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a colocación de inchables na Praza do Concello o día 2 de xullo de 2022.
- Autorizar a colocación de tobogán de auga na rúa de Lugo con valados de contención para perimetrar e acotar o espazo de 100 m., o día 2 de xullo de 2022.
- Autorizar o préstamo e cesión de valados portátiles por parte do concello á Asociación de Empresarios de Riveira, sempre e cando haxa dispoñibilidade de material nesa data para poder atender dita petición.



17.- AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DO EVENTO “FEIRA DO PEIXE DE RIBEIRA” (MODIFICACIÓN DE DATAS) – Asociación de Empresarios de Riveira.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 10/06/2022, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Riveira solicitou autorización para realizar a “Feira do Peixe de Ribeira” os días 26, 27 e 28 agosto na Praza de España de Ribeira (solicitud de autorización no rexistro xeral do Concello na data 01/04/2022 con Nº de rexistro de entrada 202200006076).

Na Xunta de Goberno Local ordinaria do 7 de abril do 2022 autorizouse a celebración deste evento.

Debido á imposibilidade por parte da entidade organizadora de que se realice a feira nos días previstos solicitan unha modificación de datas, presentan a través do rexistro xeral do Concello unha nova solicitud o 26/05/2022 e Nº de rexistro de entrada 202200009870, na cal solicitan a autorización do uso da Praza de España o 19, 20 e 21 de agosto; así como os días anteriores e posteriores á feira para montaxe e desmontaxe da mesma.

O 09/06/2022 presentan a través do rexistro xeral unha nova solicitud Nº 202210823, na cal expoñen a imposibilidade de realizar a feira nas datas solicitadas con anterioridade (19, 20 e 21 de agosto) por mor de falta de persoal cualificado para levar a cabo o evento e, é por iso, que solicitan un cambio de datas e que a feira do peixe se poida executar os días 10 e 11 de setembro; así como os días anteriores e posteriores á feira para montaxe e desmontaxe da mesma.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do evento “Feira do Peixe de Ribeira” os días 10 e 11 de setembro na Praza de España.
- Autorizar a realización da montaxe e desmontaxe os días anteriores e posteriores á feira do 5 ao 13 de setembro.

18.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO E “METALFEST DORNEIRO” EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTOS os escritos presentados por **Manuela Pérez Pouso**, de data 08/06/2022 (Rexistros de entrada nº 10.699 e 10.700), nos que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira), cun concerto en directo o día 18 de xuño de 2022, de 22:00 h. a 00:00 h.; así como autorización para a celebración do evento “Metalfest Dorneiro”, o 16 de xullo de 2022, a partir das 23:00 h., no establecemento hostaleiro “Chiringuito Pedra Pateira”, ou no caso de circunstancias meteorolóxicas adversas, se celebrará no establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira).

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Manuela Pérez Pouso para amenizar o establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira), cun concerto en directo o día 18 de xuño de 2022, de 22:00 h. a 00:00 h.; así como autorización para a celebración do evento “Metalfest Dorneiro”, o 16 de xullo de 2022, ata as 00:00 h. (non existindo inconveniente en que o evento se celebre ao longo de toda a tarde pero deberá rematar ás 00:00 h.), no establecemento hostaleiro “Chiringuito Pedra Pateira” (Ribeira), ou no caso de circunstancias meteorolóxicas adversas, se celebrará no establecemento hostaleiro “Heaven and Hell” (Ribeira).



SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a **solicitante (Manuela Pérez Pouso)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Roberto Sieira González

VISTO o escrito presentado por **Roberto Sieira González**, de data 08/06/2022 (Registro de entrada nº 10.652), nos que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito da Ameixida”, situado na Rúa do Almacén, Ameixida (Castiñeiras), cun concerto en directo o día 23 de xuño de 2022, de 21:00 h. a 00:00 h., co motivo da celebración do día de San Xoan.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Roberto Sieira González para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito da Ameixida”, situado na Rúa do Almacén, Ameixida (Castiñeiras), cun concerto en directo o día 23 de xuño de 2022, de 21:00 h. a 00:00 h., co motivo da celebración do día de San Xoan.

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o solicitante (Roberto Sieira González), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- AUTORIZACIÓN EVENTO MUSICAL EN CASTIÑEIRAS – Bar “O Timón”

Visto o escrito presentado por Raquel Pazos Maneiro en representación do establecemento hostaleiro Bar “O Timón”, de data 08/06/2022 (Rexistro de entrada nº 10.721), no que solicita autorización para a realización dun evento musical (Grupo musical ou Dj) nunha parcela próxima ao establecemento hostaleiro Bar “O Timón” (Castiñeiras), o día 30/06/2022, de 18:00 h. ás 03:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a Raquel Pazos Maneiro en representación do establecemento hostaleiro Bar “O Timón”, á realización dun evento musical (Grupo musical ou Dj) nunha parcela próxima ao establecemento hostaleiro Bar “O Timón” (Castiñeiras), o día 30/06/2022.
- **O horario do evento musical deberá ser de 18:00 h. ás 00:00 h.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

22.- ACHEGA CONCEDIDA Á PARROQUIA DE SANTA UXÍA DE RIBEIRA – ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/06/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Parroquia de Ribeira – Arzobispado de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o apoio económico na organización de actos na Semana Santa de Ribeira no ano 2022.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Parroquia de Ribeira – Arzobispado de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o apoio económico na organización de actos na Semana Santa de Ribeira no ano 2022; resultando o seu importe: 1.500,00 €.

23.- ACHEGA CONCEDIDA A MEGA RIVEIRA, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/06/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Mega



Riveira, S.L., co obxecto de regular o apoio económico na súa participación na Gran Final de Robótica en Málaga.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Mega Riveira, S.L., co obxecto de regular o apoio económico na súa participación na Gran Final de Robótica en Málaga 2022; resultando o seu importe: 1.500,00 €.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/06/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2022 12:07:31

DOCUMENTO: 20220895713

Fecha: 17/06/2022

Hora: 12:07

CSV: 07E6000DAAE100F2T2K8E6N6Y6

